



## SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

Orde do día da Sesión plenaria que se celebrará no Salón de Sesións da Casa do Concello, o día 25 de novembro de 2021, ás 17,00 horas.

### ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 28 de outubro de 2021.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes outubro de 2021.
3. Toma de coñecemento das subvencións concedidas pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos 2021)
4. Aprobación, se procede, do Manifesto do 25 de novembro, do Consello Local da Muller polo Día Internacional contra a violencia de xénero.
5. Aprobación, se procede, da concesión da Medalla da Cidade, na categoría de Medalla de Ouro ao Clube Arosa SC.
6. Aprobación, se procede, do Plan de Acción polo clima e a enerxía sostible do Concello de Vilagarcía de Arousa.
7. Aprobación provisional, se procede, do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal.
8. Aprobación, se procede, do convenio entre a Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e o Concello, así como da posta a disposición do SERGAS da utilización da parcela da antiga Comandancia de Mariña.
9. Aprobación, se procede, da adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa, á rede de cidades pola bicicleta, así como ao sistema de rexistro de bicicletas.
10. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre a adhesión do Concello á iniciativa “Municipios contra o maltrato” de Antena 3 e Fundación Mutua Madrileña.
12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a actualización do inventario de bens e dereitos e a reorganización dos locais municipais.
13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común para a mellora da sinalización viaria horizontal.
14. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común sobre información do tráfico rodado e o mercado no entorno da Praza de Abastos.
15. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
16. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
17. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
18. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

Vilagarcía de Arousa, 22 de novembro de 2021.  
O ALCALDE-PRESIDENTE,

Alberto Varela Paz

A SECRETARIA XERAL,

Rosa Losada Suárez